

BLOQUE II: S.XVIII

TEMA 6: O CAMBIO DINÁSTICO E A GUERRA DE SUCESIÓN

(as causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht)

Conceptos relacionados: PAZ DE UTRECHT

Nesta pregunta o alumnado deberá demostrar que coñece as razóns explicativas da **Guerra de Sucesión** e a súa cronoloxía; a configuración xeral dos bandos enfrontados tanto a nivel internacional como dentro dos territorios peninsulares da monarquía hispánica (dimensión interna deste conflito); a chegada da paz e as principais consecuencias políticas, territoriais e económicas da sinatura do **Tratado de Utrecht**.

A **Guerra de Sucesión** (1701-1714) tivo lugar en Europa Occidental debido á morte de **Carlos II** sen descendencia directa.

1. CAUSAS E BANDOS (1701-1714):

A morte de **Carlos II de Austria** (1700) sen descendencia provocou o inicio dun conflito internacional, que conlevaría ao fin do reinado en España da dinastía dos **Habsburgo** substituídos pola dos **Borbón**.

Carlos II deixara como sucesor a **Felipe de Anjou**, neto do rei francés, **Luis XIV**, coa condición de que as coroas de **Francia** e **España** non se uniran. Nun primeiro momento as potencias europeas aceptan a **Felipe V** como rei de España, pero o comportamento de **Luis XIV** fará que o conflito se precipite: insinúa que o seu neto podería chegar a herdar a coroa francesa e, actuando no seu nome, ocupa os Países Baixos.

A familia dos **Habsburgo** propuxo entón ao **arquiduque Carlos de Austria** como herdeiro ao trono de España, e varias potencias europeas apoiaron este bando, para evitar o poder hexemónico de **Francia** no continente.

Así, en 1701 fórmase a **Gran Alianza da Haia**, formada por **Austria**, **Gran Bretaña**, **Países Baixos**, **Dinamarca**, **Portugal**, **Savoia** e **Prusia**. Todos decláranlle a guerra a **Francia**, mentres proclaman a **Carlos de Austria** rei de España co título de **Carlos III**.

A **Guerra de Sucesión** vai ter unha dobre vertente: a internacional e, por outro lado, a nacional. Así, a nivel internacional gran parte das potencias uníronse contra Francia, mentres que a nivel nacional, a Coroa de Castela, Navarra e señoríos vascos apoian ao bando francés, e a Coroa de Aragón (Cataluña, Aragón, Valencia e Baleares) apoia ao bando austríaco. As razóns do apoio dos reinos aragoneses ao bando austríaco radican no seu temor á política absolutista e centralista característica do país galo. Eran máis favorables á antiga monarquía pactista dos **Habsburgo**.

2. DESENVOLVEMENTO E FIN DA GUERRA:

Nun primeiro momento, o bando austríaco ía en cabeza, coas tropas inglesas e austríacas entrando en España, destacando a ocupación das tropas británicas de **Xibraltar**. Non obstante, a partir da **Batalla de Almansa** en 1707 a guerra decantouse polo bando borbónico.

O feito que desencadearía o fin da contenda sería a proclamación como emperador de Austria ao **arquiduque Carlos**, facendo que o resto das potencias que o apoiaban perderan interese polo conflito, ante o temor, agora, dunha superioridade austríaca en Europa.

As conversas de paz entre os contendentes concluíron na **PAZ DE UTRECHT** (1713-14). En España, a guerra continuou ata setembro de 1714, cando as tropas borbónicas tomaron Barcelona.

3. CONSECUENCIAS DA GUERRA (A PAZ DE UTRECHT):

Coa **Paz de Utrecht** o mapa político de Europa occidental varía e España perde definitivamente a súa hexemonía. Os **Tratados de Utrecht** (1713) e de **Rastadt** (1714) tiñan como obxectivo manter o equilibrio europeo . Os grandes beneficiados serán **Austria e Gran Bretaña**:

- **Felipe V** foi recoñecido como rei de España (agás por Austria, que o recoñecerá posteriormente en 1725) con expresa renuncia aos dereitos á Coroa de Francia.
- **Gran Bretaña** logrou algunhas adquisicións territoriais como **Xibraltar e Menorca** e a entrada no mercado americano, coa exclusividade do comercio de **escravos** negros (**asento de negros**) e a autorización para enviar anualmente unha nave **para** comerciar (**navío de permiso**).
- **Austria quedaba cos Países Baixos españois, Nápoles Milán e Sardeña.**
- **Holanda** obtivo varias prazas para a súa defensa e seguridade na fronteira cos Países Baixos españois.
- O **duque de Savoia** recibía recibía **Sicilia** (posesión española) e o título de rei de **Piemonte e Sicilia.**
- **Portugal** obtiña a colonia de **Sacramento** (no actual Uruguai).
- O **duque de Prusia** recibía o **Alto Gueldres** e o título de rei.

Con este tratado España é a gran derrotada, cedendo gran parte das súas posesións en Europa, perdendo enclaves estratéxicos como **Xibraltar e Menorca**, e perdendo o control do comercio americano.

Dentro de España a guerra supuxo a implantación dun absolutismo centralista e uniforme que seguía o modelo castelán e francés.

BIBLIOGRAFÍA E ENLACES WEB:

AA.VV. *Historia de España. 2º Bacharelato*. Baia edicións